

# Campaña de vacinación antigripal 2022

Instrucción





# XUNTA DE GALICIA

## DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

### **Título:**

Campaña de vacinación antigripal 2022. Instrución 7/22  
Programa Galego de Vacinación

**INICIO DA CAMPAÑA:** 10 de outubro de 2022

**FINALIZACIÓN:** 31 de decembro de 2022

### **Edita:**

Consellería de Sanidade  
Dirección Xeral de Saúde Pública e Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria  
Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles

### **Lugar e data da edición:**

Santiago de Compostela, outubro de 2022

### **Destinatarios:**

Centros de saúde / hospitais públicos / hospitais e centros médicos privados / residencias da terceira idade / centros penitenciarios / unidades asistenciais de drogodependencias / centros de menores e colexios-residencias / residencias de discapacitados / outros tipos de centros / xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade / áreas sanitarias.

A información relativa a esta campaña pódese consultar na web temática da gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>

# Campaña de vacunación antigripal 2022

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN  
SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES  
DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA



# ÍNDICE

<b>INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA</b> .....	4
<b>Introdución</b> .....	8
<b>1. Obxectivos da campaña</b> .....	10
<b>2. Datás da campaña</b> .....	10
<b>3. Administración da vacina fronte á gripe</b> .....	12
<b>4. Poboación diana</b> .....	12
4.1 Persoas de 60 ou máis anos .....	12
4.2 Nenos e nenas de 6 meses a 59 meses.....	12
4.3 Persoas menores de 60 anos e maiores de 59 meses que teñan maior risco de complicacións derivadas da gripe .....	12
4.4 Persoas que poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de presentar complicacións.....	14
4.5 Outras persoas nas que se recomenda a vacinación .....	14
<b>5. Información técnica sobre as vacinas antigripais</b> .....	15
5.1 Composición .....	15
5.2 Indicación por tipos de vacina .....	15
5.3 Pautas e vía de administración .....	16
5.4 Conservación .....	17
5.5 Inmunoxenicidade e efectividade .....	17
5.6 Efectos secundarios .....	17
5.7 Precaucións e contraindicacións .....	18
5.8 Administración simultánea da vacina antigripal e outras vacinas .....	20
<b>6. Xestión</b> .....	20
6.1 Distribución das vacinas aos puntos de vacinación .....	20
6.2 Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío .....	22
6.3 Rexistro das doses administradas .....	23
6.4 Recollida das doses sobrantes .....	25
<b>7. Citación</b> .....	26
<b>8. Seguimento e avaliación da campaña: informes</b> .....	27
<b>ANEXOS</b> .....	29
I. Coordinadores/as das áreas sanitarias .....	30
II. Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade .....	31

## INFORMACIÓN BÁSICA DA CAMPAÑA

Acceso secuencial á vacinación fronte á gripe	
<b>A partir do 10 de outubro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas institucionalizadas de maneira prolongada (residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade) e traballadores/as destas institucións.</li> <li>• Persoas de 85 e máis anos.</li> <li>• Nenos e nenas de 6 a 59 meses.</li> <li>• Persoal dos centros sanitarios do Sergas e hospitais privados.</li> <li>• Persoal das oficinas de farmacia.</li> <li>• Persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.</li> </ul>
<b>A partir do 17 de outubro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de 80 a 84 anos.</li> </ul>
<b>A partir do 31 de outubro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de 70 a 79 anos.</li> </ul>
<b>A partir do 7 de novembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de 60 a 69 anos.</li> <li>• Persoas menores de 60 anos con patoloxías de risco.</li> <li>• Mulleres durante o embarazo ou puerperio.</li> <li>• Persoal de servizos esenciais.</li> <li>• Persoal de exposición laboral.</li> </ul>
<b>A partir do 14 de novembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conviventes de persoas de risco.</li> <li>• Resto da poboación diana.</li> </ul>

A incorporación dos grupos de risco á campaña de vacinación será secuencial. A medida que se incorporen os novos grupos, solaparanse cos anteriores. Non se pechará un grupo para iniciar o seguinte.

Este ano a campaña de vacinación da gripe coincide no tempo coa campaña de vacinación da segunda dose de recordo fronte á Covid-19, de tal xeito que ás persoas que sexan citadas de forma automática para a vacinación fronte á Covid-19 se lles poderá ofrecer a vacina da gripe. Ademais, ás persoas institucionalizadas en residencias de maiores, cando sexan vacinadas fronte á Covid-19, tamén se lles ofrecerá a vacina da gripe.

### Utilización de 2 tipos de vacinas

<b>Alta carga tetravalente</b>	<b>Efluelda®</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de <b>85 ou máis anos</b> da poboación xeral.</li> <li>• Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas <b>en residencias de persoas maiores.</b></li> </ul>
<b>Tetravalente</b>	<b>Vaxigrip Tetra®</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de 6 meses a 84 anos.</li> </ul>

## Poboación diana

- Persoas de 60 ou máis anos, especialmente as persoas de 65 ou máis anos.
- Residentes en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención a crónicos).
- Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación e puérperas nos 6 primeiros meses tras o parto se non foron vacinadas anteriormente.
- Nenos e nenas de 6 a 59 meses.
- Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) con tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico.
- Persoas menores de 60 anos e maiores de 59 meses con patoloxías de risco (definidas na instrución).
- Profesionais ou estudantes en prácticas de centros sanitarios, servizos e establecementos sanitarios.
- Persoas que traballan en institucións xeriátricas ou en centros de atención a enfermos crónicos.
- Persoas que proporcionan coidados domiciliarios a pacientes de risco ou a persoas maiores.
- Conviventes (incluídos nenos) de persoas pertencentes a grupos de risco.
- Persoal de oficinas de farmacia.
- Persoas que traballan en servizos esenciais para a comunidade.
- Traballadores expostos directamente ás aves domésticas ou aos porcos nas granxas ou explotacións avícolas ou porcinas, e tamén ás aves silvestres.

## Vacinas da campaña

- Efluelda®:
  - Persoas de **85 ou máis anos** da poboación xeral.
  - Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas en **residencias de persoas maiores**.
- Vaxigrip Tetra®:
  - Persoas incluídas na poboación diana de entre 6 meses e 84 anos.

## Pauta de vacinación

- Unha dose (agás os menores de 9 anos, que necesitan dúas no caso de ser a súa primeira vacinación contra a gripe).

## Distribución de vacinas

### Cargas iniciais

#### Centros pertencentes ao Sergas:

Carga inicial que se recibirá sen ter que solicitala:

- Para vacinar o persoal sanitario, persoal de emerxencias e persoal de farmacias.
- Para persoas de 85 ou máis anos.
- Para os nenos/as de 6 a 59 meses.

#### Outros puntos de vacinación:

Deberán solicitar a carga inicial:

- Hospitais privados:** solicitarán a carga inicial para os seus traballadores e para as persoas de 85 ou máis anos.
- Residencias de persoas maiores e de persoas con discapacidade:** solicitarán as vacinas para os seus traballadores e residentes.

O resto de solicitudes deberán ser enviadas á xefatura territorial da Consellería de Sanidade correspondente como en anos anteriores e seguindo a secuencia de poboación diana a vacinar (*ver recadro en Información básica da campaña*).

- A partir do 17 de outubro, comezarán a vacinarse as persoas de 84 ou menos anos coa vacina **Vaxigrip Tetra®**; por tanto, será necesario solicitar desde todos os puntos esta vacina para a data indicada. Non haberá carga inicial automática para o inicio deste grupo.

## Días de distribución

Días de distribución			
10 outubro - 11 novembro	martes	mércores	venres
14 novembro - 31 decembro	martes	xoves	

## Sistemática de peticións

- Única e exclusivamente vía web. Prema no seguinte botón:

**Peticións**

<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/ AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>

- Única e exclusivamente cando se cumpra coas porcentaxes establecidas de rexistro de vacinación (ver apartado 6.1).



## Rexistro de doses

Centros pertencentes á rede Sergas: módulo habilitado en IANUS.

Restantes centros: vía web. Prema no seguinte botón:

**Doses**

<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>

## Web temática da gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública

<http://gripe.sergas.gal>

## Contacto

### Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade

#### I A Coruña

Correo electrónico: [corunavacinas.dlpc@sergas.es](mailto:corunavacinas.dlpc@sergas.es) |

Tfnos.: 981 182 252/582 252; 981 155 611/555 611; 981 155 822/555 822

#### I Lugo

Correo electrónico: [xtlu.vacinas@sergas.es](mailto:xtlu.vacinas@sergas.es) | Tfnos.: 982 292 117 / 982 292 113

#### I Ourense

Correo electrónico: [vacinas.sanidade.ourense@sergas.es](mailto:vacinas.sanidade.ourense@sergas.es) | Tfnos.: 988 066 347 / 988 066 513

#### I Pontevedra

Correo electrónico: [vacinas.delegación.pontevedra@sergas.es](mailto:vacinas.delegación.pontevedra@sergas.es) |

Tfnos.: 986 885 881 / 986 885 824 / 986 885 826

#### I Unidade de Vigo

Correo electrónico: [vacinas.delegación.pontevedra@sergas.es](mailto:vacinas.delegación.pontevedra@sergas.es) |

Tfnos.: 986 817 724 / 986 817 232

## Áreas sanitarias

I A Coruña e Cee | Tfno.: 981 178 000 Ext. 297 211 / 291 023

I Ferrol | Tfno.: 981 334 018 / 234 573

I Santiago de Compostela e Barbanza | Tfno.: 250 480

I Lugo, Cervo e Monforte de Lemos | Tfno.: 536 299

I Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras | Tfno. 988 385 512

I Pontevedra e O Salnés | Tfno.: 986 807 011/ 287 011

I Vigo | Tfno.: 463 624

# Introdución

A gripe é unha enfermidade transmisíbel e previble, que pode evolucionar desde leve a grave e incluso mortal, sobre todo en persoas de risco. Por iso a Consellería de Sanidade realiza cada outono desde 1991, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, a campaña de vacinación antigripal.

A vacina demostrouse segura e eficaz para diminuír o número de complicacións desta enfermidade. Por iso, é moi importante acadar unha alta cobertura, tanto pola protección individual como pola protección colectiva, axudando a romper cadeas de transmisión e protexer os demais.

A vacina da gripe reformúlase cada ano debido á variación constante dos virus gripais, co obxectivo de que concorden os virus incluídos na vacina cos circulantes. A vacina recomendada para esta tempada 2022-2023 ten os seguintes compoñentes:

**As vacinas tetravalentes, producidas a partir de ovos embrionados e as vacinas vivas atenuadas,** deben conter na súa composición:

cepa análoga a A/Victoria/2570/2019 (H1N1) pdm09.

cepa análoga a A/Darwin/9/2021 (H3N2).

cepa análoga a B/Austria/1359417/2021 (liñaxe B/Victoria).

cepa análoga a B/Phuket/3073/2013 (liñaxe B/Yamagata).

Con respecto á tempada anterior, producíronse os seguintes cambios na composición das vacinas para esta tempada 2022-2023:

1. O compoñente A(H3N2) que anteriormente era a cepa análoga A/Cambodia/e0826360/2020 (H3N2) substituíse pola cepa análoga A/Darwin/9/2021 (H3N2) en todos os tipos de vacinas:
2. O compoñente B que anteriormente era a cepa análoga de B/Washington/02/2019 (liñaxe B/Victoria) substituíse pola cepa análoga B/Austria/1359417/2021 (liñaxe B/Victoria) en todos os tipos de vacinas.

En canto á organización da campaña, este ano contamos con dúas novidades:

- I Introdúcese de forma sistemática a vacunación antigripal para os nenos e nenas de entre os 6 e 59 meses (ata antes de cumprir os 5 anos).
- I Ademais, a campaña de vacunación da gripe coincidirá no tempo coa campaña de vacunación da 2.<sup>a</sup> dose de recordo fronte á Covid-19, de tal xeito que ás persoas que sexan citadas de forma automática para a vacunación fronte á Covid-19 se lles poderá ofrecer a vacina da gripe. Por outro lado, ás persoas institucionalizadas en residencias de maiores, cando sexan vacinadas fronte á Covid-19, tamén se lles ofrecerá a vacina da gripe.

En canto á loxística da campaña:

- I Usarase a vacina **tetraivalente de alta carga, Efluelda®**, que ten unha maior inmunoxenicidade, para:
  - Persoas de **85 ou máis anos da poboación xeral**.
  - Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas en **residencias de persoas maiores**.
- I Empregarase a vacina **tetraivalente, Vaxigrip Tetra®**, nas persoas incluídas na poboación diana de entre 6 meses e 84 anos.

# 1. Obxectivos da campaña

Os obxectivos que se pretenden acadar nesta campaña de vacinación detállanse a continuación:

## Obxectivo xeral

Diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe, tentando minimizar o impacto na saúde mediante a súa prevención.

## Obxectivos específicos

- Conseguir unha cobertura na poboación de 65 ou máis anos igual ou superior ao 75 %.
- Conseguir unha cobertura vacinal nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde e traballadores sociosanitarios superior ao 75 %.
- Conseguir unha cobertura vacinal nas mulleres embarazadas e persoas con condicións de risco superior ao 60 %.
- Conseguir unha cobertura vacinal nos nenos e nenas de entre os 6 meses e os 59 meses do 60 %.

## Obxectivos de xestión

- Conseguir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5 % das doses subministradas aos centros.
- Conseguir que a relación entre as doses rexistradas e as utilizadas sexa de máis do 97 %.

Cómpre lembrar que esta é unha campaña de moi alto impacto no sistema asistencial, xa que implica a participación dun importante número de profesionais sanitarios que desenvolven o seu traballo en centros nos que son atendidas persoas pertencentes a grupos de risco, polo que é moi importante a colaboración de todos os profesionais implicados nela.

# 2. Datas da campaña

- Inicio: **10 de outubro**
- Fin: **31 de decembro**



Acceso secuencial á vacinación fronte á gripe	
A partir do 10 de outubro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas institucionalizadas de maneira prolongada (residencias de persoas maiores e persoas con discapacidade) e traballadores/as destas institucións.</li> <li>• Persoas de 85 e máis anos.</li> <li>• Nenos e nenas de 6 a 59 meses.</li> <li>• Persoal dos centros sanitarios do Sergas e hospitais privados.</li> <li>• Persoal das oficinas de farmacia.</li> <li>• Persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.</li> </ul>
A partir do 17 de outubro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de 80 a 84 anos.</li> </ul>
A partir do 31 de outubro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de 70 a 79 anos.</li> </ul>
A partir do 7 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas de 60 a 69 anos.</li> <li>• Persoas menores de 60 anos con patoloxías de risco.</li> <li>• Mulleres durante o embarazo ou puerperio.</li> <li>• Persoal de servizos esenciais.</li> <li>• Persoal de exposición laboral.</li> </ul>
A partir do 14 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Conviventes de persoas de risco.</li> <li>• Resto da poboación diana.</li> </ul>

A incorporación dos grupos de risco á campaña de vacinación será secuencial. A medida que se incorporen os novos grupos, solaparanse cos anteriores. Non se pechará un grupo para iniciar o seguinte.

Estas datas poderán sufrir modificacións en función da evolución da campaña de vacinación.

**Este ano a campaña de vacinación da gripe coincide no tempo coa campaña de vacinación da segunda dose de recordo fronte á Covid-19, de tal xeito que ás persoas que sexan citadas de forma automática para a vacina fronte á Covid-19 se lles poderá ofrecer a vacina da gripe.** Ademais, ás persoas institucionalizadas en residencias de maiores, cando sexan vacinadas fronte á Covid-19, tamén se lles ofrecerá a vacina da gripe.

## 3. Administración da vacina fronte á gripe

Esta vacinación realízase como consecuencia dunha decisión da autoridade sanitaria en materia de saúde pública, por un risco epidemiolóxico e para preservar a saúde colectiva e a das persoas con maior risco de desenvolver complicacións por esta enfermidade, polo que non require diagnóstico nin prescrición previa.

Estas recomendacións de vacinación fórmulanse ao abeiro do establecido na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, e na normativa da Comunidade Autónoma nesta materia.

## 4. Poboación diana

### 4.1 Persoas de 60 ou máis anos

- Realizando especial fincapé a partir dos 65 anos.

### 4.2 Nenos e nenas de 6 meses a 59 meses

Nesta campaña, introdúcese de forma sistemática a vacinación antigripal para os nenos e nenas de entre 6 e 59 meses (ata antes de cumprir os 5 anos).

Esta recomendación baséase na alta carga de enfermidade e taxas de hospitalización neste grupo de idade, incluíndo complicacións, infeccións bacterianas secundarias e consumo de antibióticos asociados. Prevese que a vacinación diminúa tamén a enfermidade noutros grupos de idade ao reducir a transmisión dos nenos e nenas aos maiores.

### 4.3 Persoas con menos de 60 anos de idade e maiores de 59 meses que teñan un maior risco de complicacións derivadas da gripe

Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con algunha das seguintes patoloxías que presentan un maior risco de padecer complicacións derivadas da gripe, principalmente se precisan seguimento médico periódico ou foron hospitalizadas no ano precedente:

- Menores (a partir dos 59 meses de idade) e adultos con enfermidades cr3nicas cardiovasculares, neurol3xicas ou respiratorias, incluídas displasia broncopulmonar, fibrose quística e asma.
- Menores (a partir dos 6 meses) e adultos con:
  - Diabetes mellitus
  - Obesidade mórbida (IMC  $\geq 40$  en adultos,  $\geq 35$  en adolescentes ou  $\geq 3$  DS na infancia)
  - Enfermidade renal cr3nica e síndrome nefr3tica.
  - Hemoglobinopatías e anemias.
  - Hemofilia, outros trastornos da coagulaci3n e trastornos hemorr3xicos cr3nicos, así como receptores de hemoderivados e transfusi3ns múltiples.
  - Asplenia ou disfunci3n esplénica grave.
  - Enfermidade hepática cr3nica, incluído alcoholismo cr3nico.
  - Enfermidades neuromusculares graves.
  - Inmunosupresi3n (incluídas as inmunodeficiencias primarias e a orixinada pola infecci3n por VIH, por fármacos –incluído tratamento con eculizumab-, nos receptores de transplantes e déficit de complemento).
  - Cancro e hemopatías malignas.
  - Implante coclear ou en espera del.
  - Fístula de líquido cefalorraquídeo.
  - Enfermidade celíaca.
  - Enfermidade inflamatoria cr3nica.
  - Trastornos e enfermidades que supoñan disfunci3n cognitiva: síndrome de Down, demencias e outras.
- Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) que reciben tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico, pola posibilidade de desenvolver unha síndrome de Reye.
- Persoas institucionalizadas de maneira prolongada (residencias de persoas maiores e outros centros de atenci3n a cr3nicos).
- Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestaci3n e durante o puerperio (ata 6 meses tras o parto) que non se vacinasen durante o embarazo.

## 4.4 Persoas que lles poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de presentar complicacións

- Persoal dos centros, servizos e establecementos sanitarios, tanto de atención primaria como especializada e hospitalaria, pública e privada, así como persoal de oficinas de farmacia e centros sociosanitarios. Farase especial fincapé no persoal que ten contacto mantido con pacientes dalgún dos grupos de alto risco anteriormente descritos.
- Persoas que traballan en institucións xeriátricas ou en centros de atención a enfermos crónicos, especialmente os que teñan contacto continuo con persoas vulnerables.
- Estudantes en prácticas en centros sanitarios.
- Persoas que lles proporcionen coidados domiciliarios a pacientes de alto risco ou maiores.
- Persoas que conviven no fogar con outras que pertencen a algúns dos grupos de alto risco.

## 4.5 Outras persoas nas que se recomenda a vacinación

- Traballadores en servizos públicos esenciais:
  - Forzas e corpos de seguridade do Estado.
  - Bombeiros.
  - Servizos de protección civil.
  - Persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.
  - Persoal de institucións penitenciarias e doutros centros de internamento xudicial (incluídos centros de acollida de inmigrantes).
- Persoas con exposición laboral directa a aves domésticas ou a porcos en granxas ou explotacións avícolas ou porcinas e tamén a aves silvestres. A finalidade é reducir a oportunidade dunha infección concomitante de virus humano e aviario ou porcino, diminuíndo a posibilidade de recombinación ou intercambio xenético entre ambos os virus.



## 5. Información técnica sobre as vacinas antigripais

### 5.1 Composición

Vacinas **tetraivalentes** producidas en ovo:

- Cepa análoga a A/Victoria/2570/2019 (H1N1)pdm09.
- Cepa análoga a A/Darwin/9/2021 (H3N2).
- Cepa análoga a B/Austria/1359417/2021 (liñaxe B/Victoria).
- Cepa análoga a B/Phuket/3073/2013 (liñaxe B/Yamagata).

### 5.2 Indicacións por tipos de vacina

Nesta campaña subministraranse dúas vacinas distintas:

Nome comercial	Idade	Laboratorio	Características
Efluelda®	≥85 anos na poboación xeral e ≥60 anos en residencias*	Sanofi Aventis	Alta carga, tetraivalente
Vaxigrip Tetra®	6 meses a 85 anos	Sanofi Aventis	Tetraivalente

\* En caso de que as doses dispoñibles non cubran a totalidade dos institucionalizados, utilizarase a vacina Vaxigrip Tetra®.

## 5.3 Pautas e vía de administración

### PAUTA DE VACINACIÓN

- I Persoas de 9 e máis anos, unha dose única de 0,5 ml.
- I Nos nenos e nenas menores de 9 anos que se vacinan por primeira vez, débense administrar 2 doses de 0,5 ml separadas por un intervalo de polo menos 4 semanas.

### EFLUELDA®

#### I Indicación:

- Persoas de **85 ou máis anos**.
- **Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas en residencias de persoas maiores.**

I Dose: 0,7 ml.

I Vía de administración:

- Intramuscular preferentemente, aínda que tamén se pode administrar subcutánea.

I Lugar de administración:

- Músculo deltoide.

I *Pola súa ficha técnica, pode utilizarse en persoas de 60 ou máis anos.*



### VAXIGRIP TETRA®

I Pode utilizarse en adultos e nenos/as a **partir dos 6 meses de idade**.

I **Indicación:** nas persoas incluídas na poboación diana de entre 6 meses e 84 anos.


I Dose: 0,5 ml.

I Vía de administración:

- Intramuscular ou subcutánea.

I Lugar de administración:

- En nenos, en función da idade e masa muscular:
  - Cara anterolateral da coxa ou músculo deltoide.
- En adultos:
  - Músculo deltoide.



## 5.4 Conservación

- Conservar en neveira, entre +2 °C e +8 °C, **e coa súa embalaxe exterior** para protexela da luz.
- Non deben conxelarse.

## 5.5 Inmunoxenicidade e efectividade

A eficacia e a efectividade da vacina pode variar entre un 30-80 % dependendo da idade e da inmunocompetencia da persoa, así como do grao de similitude entre os virus contidos na vacina e os virus circulantes.

Aínda así, a vacina da gripe ten un importante beneficio, xa que reduce a frecuencia de complicacións secundarias e diminúe, así mesmo, o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe nos maiores e persoas con condicións de risco.

Despois da vacinación, a maioría dos nenos e adultos novos desenvolven títulos de anticorpos que protexen fronte á infección de cepas similares ás incluídas nas vacinas.

A resposta de anticorpos pode ser menor en pacientes con inmunodeficiencia.

## 5.6 Efectos secundarios

As vacinas antigripais non poden ocasionar a gripe, xa que conteñen soamente virus fraccionados non infecciosos ou antixenos inactivados. As vacinas antigripais son seguras e efectivas en todos os grupos de idade.

Os efectos adversos son pouco frecuentes e, cando aparecen, adoitan ser locais e autolimitados.

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local (dor, eritema, induración) no lugar da inxección, que dura menos de 48 horas. As reaccións locais aparentes resólvense espontaneamente de 1 a 3 días tras o seu inicio e, polo xeral, son leves e raramente interfieren coas actividades rutineiras.

Con menor frecuencia (<10 %), poden ocorrer dous tipos de reaccións sistémicas:

- Febre, cefalea, malestar, mialxias e outros síntomas sistémicos, que se inician ás 6-12 horas tras a vacinación, e persisten 1-2 días. Afectan máis a miúdo a aquelas persoas non vacinadas con anterioridade.

- Con moi pouca frecuencia poden aparecer reaccións inmediatas (presumiblemente alérxicas), que se manifestan como anxioedema, asma ou anafilaxe. Probablemente, estas reaccións prodúcense por hipersensibilidade a algún compoñente da vacina.

Para máis información, pódense consultar as fichas técnicas das vacinas dispoñibles en <http://gripe.sergas.gal>

## 5.7 Precaucións e contraindicacións

### 5.7.1 Precaucións

- No caso de **enfermidade febril severa concorrente**, a vacinación deberá diferirse ata que remitan os seus síntomas. Non obstante, enfermidades menores con ou sen febre non contraindican o uso da vacina da gripe, particularmente en nenos con infección leve do tracto respiratorio superior ou rinite alérxica, polo que nestes casos a vacinación non se debería pospoñer.
- As dúas vacinas dispoñibles están cultivadas en ovo; aínda así, existe evidencia suficiente para recomendar que **as persoas con historia de alerxia despois da exposición ao ovo poden recibir vacinas fronte á gripe sen precaucións especiais**. As precaucións deben ser similares ás tomadas ante a administración de calquera outra vacina. No caso de ter presentado reaccións alérxicas graves ou anafilaxe ao ovo, a vacinación deberá ser realizada por persoal con experiencia e supervisarse 30 minutos tras a administración.
- **Precaución en persoas que desenvolven un síndrome de Guillain-Barré (SGB) dentro das 6 semanas** posteriores á vacinación antigripal:

No caso de persoas con antecedentes de SGB que teñen un risco moi elevado de complicacións gripais graves, a maioría dos expertos cren que os beneficios da vacinación antigripal xustifica o seu uso, xa que o padecemento da gripe implica un maior risco de presentar recaídas respecto á SGB que a vacinación. As investigacións realizadas indican que non existe un incremento substancial da incidencia desta síndrome coa vacinación antigripal.

- **As persoas con trastornos da coagulación** ou en tratamentos anticoagulantes poden desenvolver hematomas no lugar da inxección. Isto non contraindica a vacunación e, de precisar unha vacina cuxa vía de administración sexa unicamente intramuscular, debe utilizarse unha agulla fina (calibre  $\leq 23$  G) aplicando presión local sen fretar durante 2 minutos. Se está con tratamento fronte á hemofilia ou similar, aproveitarase para vacinar inmediatamente tras a administración do tratamento. En todo caso, é aconsellable consultar co especialista.

### 5.7.2 Contraindicacións

- A vacina non se debe administrar a persoas con **antecedentes de reacción anafiláctica** a doses previas ou a algún compoñente da vacina.

No caso de persoas de alto risco con contraindicación á vacina, a utilización de antivíricos é unha opción para previr a gripe, e igualmente débese lembrar a vacunación dos seus conviventes.

### 5.7.3 Falsas contraindicacións

- O feito de ter padecido infección por **SARS-CoV-2 non contraindica** a vacunación.
- A administración da vacina **non está contraindicada** en persoas inmunodeficientes calquera que sexa o motivo, dado que as vacinas dispoñibles son vacinas inactivadas e, polo tanto, non existe risco de proliferación viral incontrolada. Poderíase esperar unha menor resposta inmune.
- A vacunación **tampouco está contraindicada** no período de lactación materna.
- A vacina Vaxigrip Tetra® está **exenta de látex**. En canto a Efluelda®, o fabricante certifica ausencia de látex nos distintos materiais da vacina.

## 5.8 Administración simultánea da vacina antigripal e outras vacinas

As vacinas antigripais pódense administrar simultaneamente con outras vacinas, sempre e cando a súa administración se realice en lugares anatómicos diferentes.

En caso de ser preciso, podería administrarse de forma conxunta coa vacina fronte á Covid, en lugares anatómicos diferentes.

Pódense consultar as fichas técnicas das vacinas dispoñibles en:

■ **Efluelda**<sup>®</sup>: [https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/85068/FT\\_85068.html](https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/85068/FT_85068.html)

■ **Vaxigrip Tetra**<sup>®</sup>: [https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/81098/FT\\_81098.html](https://cima.aemps.es/cima/dochtml/ft/81098/FT_81098.html)

■ <http://gripe.sergas.gal>

# 6. Xestión

## 6.1 Distribución de vacinas a puntos de vacinación

### Cargas iniciais

#### ■ Centros pertencentes ao Sergas:

Carga inicial que se recibirá sen ter que solicitala:

- Para vacinar o persoal sanitario, persoal de emerxencias e persoal de farmacias.
- Para persoas de 85 ou máis anos.
- Para os nenos/as de 6 a 59 meses.

#### ■ Outros puntos de vacinación:

Deberán solicitar a carga inicial.

- **Hospitais privados:** solicitarán a carga inicial para os seus traballadores e para as persoas de 85 ou máis anos.
- **Residencias de persoas maiores e de persoas con discapacidade:** solicitarán as vacinas para os seus traballadores e residentes.

O resto de solicitudes deberán ser enviadas á xefatura territorial da Consellería de Sanidade correspondente como en anos anteriores e seguindo a secuencia de poboación diana que se vai vacinar (*ver recadro en Información básica da campaña*).

A partir do 17 de outubro comezar3n a vacunarse as persoas de 84 e menos anos coa vacina **Vaxigrip Tetra®**, polo que ser3 necesario solicitar desde todos os puntos esta vacina para a data indicada.

## Distribuci3n de vacinas



As petici3ns deber3n realizarse antes das 14.00 horas.

### 1.ª - 5.ª semana (10 de outubro-11 de novembro)

A distribuci3n realizarase 3 d3as 3 semana:

- I **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- I **M3rcores:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o luns previo.
- I **Venres:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o m3rcores previo.

### A partir da 5.ª semana da campana (14 de novembro-31 de decembro)

A distribuci3n realizarase 2 d3as 3 semana:

- I **Martes:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o venres anterior.
- I **Xoves:** distribuiranse as vacinas solicitadas ata o martes previo.

### Non se servir3n env3os extraordinarios

(Ag3s en casos moi puntuais e debidamente xustificados: rupturas na cadea de fr3o).

## Petici3ns

As petici3ns realizaranse 3 xefatura territorial de Sanidade correspondente, **3nica e exclusivamente** a trav3s da p3xina web do Sergas.

Non se tramitar3 ning3n pedido recibido por correo.


- I 3 imprescindible o rexistro inmediato das doses administradas.
- I O aplicativo s3 permitir3 tramitar os pedidos aos centros que cumpran cunha porcentaxe de rexistro das doses recibidas (sen ter en conta as recibidas na 3ltima semana). Esta porcentaxe comezar3 sendo do 70 % e irase modificando ao longo da campana.

Para realizar as petici3ns, prema no seguinte enlace:

web

<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>

**Sistema de información de vacinas**

 Sistema de información da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde definido polo Programa galego de vacinación (PGV) para levar a cabo as seguintes xestións, dende os puntos autorizados:

- Xestión das vacinas por parte de puntos de vacinación públicos e privados: xestión de peticións, xestión de stock e consulta de movementos.
- Rexistro e consulta de vacinas por parte de puntos de vacinación privados.

**Usuarios da rede do SERGAS:** Acceso usuario

**Usuarios de centros privados (acceso por certificado dixital):** Acceso certificado

Seleccionar a opción que proceda:

- I Centros pertencentes á rede do Servizo Galego de Saúde:** os usuarios accederán introducindo o *login* e o *password* que utilizan habitualmente.
- I Restantes centros:** poderán introducirse no sistema mediante certificado dixital.

### Tipo de vacina e número de doses que se solicitarán

Tendo en conta o stock existente no centro e o número de persoas que se prevé vacinar ata o momento da seguinte entrega, estimarase o número de doses que se van precisar de:

#### **Efluelda®:**

- I** Persoas de 85 ou máis anos da poboación xeral.
- I** Persoas de 60 ou máis anos institucionalizadas en residencias de persoas maiores.

**Vaxigrip Tetra®:** Persoas de entre 6 meses e 84 anos.

## 6.2. Recepción das vacinas e mantemento da rede de frío

Cando se reciban as vacinas, verificarase que o tipo de vacina e o número de doses se corresponde co que figura no albará de entrega.

As vacinas deberán trasladarse inmediatamente á neveira, conservarse a unha temperatura de entre +2 °C e +8 °C evitando a súa conxelación e a exposición á luz.

**A neveira deberá estar dotada dun termómetro de temperatura máxima e mínima, do cal se deberán realizar dúas lecturas diarias: á primeira e á última hora da xornada laboral. Débese resetear despois desta última lectura e proceder ao seu rexistro.**



As incidencias na recepción de vacinas débenselle notificar á xefatura territorial de Sanidade correspondente (vexase o anexo II), así como toda ruptura da rede de frío, especificando a temperatura dese momento, a máxima e mínima acadadas, e o número estimado de horas de exposición ás ditas temperaturas.

É necesaria a devolución do material reutilizable no que se reciben as vacinas, especialmente as **bolsas isotérmicas**, ao recibir a seguinte entrega.

### 6.3. Rexistro das doses administradas

- I É imprescindible facer o rexistro **no momento da vacinación** para poder tramitar os pedidos de vacinas e que a campaña continúe con normalidade.
- I O rexistro inmediato tamén axuda a diminuír posibles erros.

Os grupos de risco existentes para a campaña 2022-2023 son:

Grupo da poboación	Ítem a marcar no rexistro
Persoas institucionalizadas en residencias de maiores	Persoas que vive en residencia de maiores
Vacinación sistemática de 60 anos en diante	Persoas de 60 ou máis anos
Vacinación sistemática entre os 6 e 59 meses	Nenos/as de 6 meses a 59 meses
Embarazadas	Embarazadas
Grupos de risco	Persoas de 5 anos en diante pertencentes a grupos de risco
Conviventes con persoas de risco	Persoas de 5 anos en diante pertencentes a grupos de risco
Outra poboación	Persoas sen risco
Persoal sanitario	Persoal médico Sergas (incluído os MIR)
	Persoal de enfermaría Sergas (incluído os EIR)
	Outro persoal do Sergas (auxiliares, celadores, administrativos...)
	Estudantes en prácticas do Sergas
	Persoal sanitario de centros privados

- I A vacinación **sistemática dos nenos e nenas de 6 a 59 meses** rexistrarase na epígrafe “**Nenos/as de 6 meses a 59 meses**”, aínda que pertencen a algún outro grupo de risco.
- I A vacinación das mulleres embarazadas durante a tempada de gripe deberá rexistrarse na epígrafe “**Embarazadas**”, aínda que pertencen a algún outro grupo de risco, priorizándose o rexistro do embarazo sobre outros grupos.
- I Durante a campaña, no caso de que o persoal de enfermaría se desprace aos domicilios para visitas proactivas ou de seguimento de enfermos crónicos, poden aproveitar para vacinar fronte á gripe, procedendo ao rexistro destas doses ao chegar ao centro.

Nos centros da rede do Sergas, as doses administradas débense rexistrar a través do módulo habilitado en IANUS para a campaña, elixindo a campaña correspondente (Campaña antigripal 2022), tal como se indica nas seguintes imaxes:

**CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRI PAL 2022**

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

**SERVIZO GALEGO de SAÚDE**

Nome **MARIA** Data de nacemento **05/08/1936** Idade **86 anos**

Punto de Vacinación: -

Data: 19/09/2022

Vacinas:

Nome comercial:  
 Vaxigrip Tetra  Efluelda

Lotes: -

Grupo:


**Persoas con Risco**

- Persoa que vive en residencia de maiores
- Nenos/as de 6 meses a 59 meses
- Embarazadas (A vacinación rexistrarase sempre neste apartado aínda que pertencen tamén a outro grupo de risco)
- Persoas de 60 ou máis anos
- Persoas a partir de 5 anos pertencentes a grupos de risco
- Persoal médico SERGAS (incluídos os MIR)
- Persoal de enfermaría SERGAS (incluídos os EIR)
- Estudantes en prácticas do Sergas
- Persoal sanitario de centros privados
- Outro persoal do SERGAS (auxiliares, celadores, administrativos...)
- Persoas sen risco

Motivo de rexistro:  
 Vacinación  
 Renuncia  
 Contraindicación

Editar	Punto vacinación	Vacina	Data vacinación	Tipo
▶	-	GRIPE	08/09/2022	Vacinación
▶	-	GRIPE	08/09/2022	Vacinación

1 2



Os restantes centros rexistrarán vía web as doses que administren no seguinte enlace:

**web** <https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>

En caso de dúbida, os centros débense poñer en contacto coa xefatura territorial de Sanidade correspondente.

### Rexistro das renuncias

Existe un apartado específico para consignar esta información. Se a persoa á que se lle indica a vacunación renuncia a ela, débese consignar na epígrafe correspondente.

## 6.4. Recollida de doses sobrantes

Unha vez finalizada a campaña, as xefaturas territoriais de Sanidade poñeranse en contacto cos centros para solicitarlles o número de doses de vacina antigripal que cómpre recoller.

Os puntos que o precisen poderán quedar cun pequeno número de vacinas antigripais para completar pautas.

## 7. Citación

Este ano a campaña de vacinación da gripe coincide no tempo coa campaña de vacinación da segunda dose de recordo fronte á Covid-19, de tal xeito que ás persoas que sexan citadas de forma automática para a vacinación fronte á Covid-19 se lles ofrecerá a vacina da gripe. Ademais, ás persoas institucionalizadas en residencias de maiores, cando sexan vacinadas fronte á Covid-19, tamén se lles poderá ofrecer a vacina da gripe.

Ademais do indicado, a vacinación antigripal nos centros de saúde realizarase mediante cita concertada, que poderá ser por vía informática, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde, ou no propio centro de saúde.

A vacinación da gripe, igual que a campaña anterior, será secuencial, polo que é imprescindible que a citación se adapte a esta secuencia:

- O 10 de outubro comeza a vacinación para traballadores de centros sanitarios do Sergas e de hospitais tanto públicos como privados, traballadores de emerxencias sanitarias e traballadores de oficinas de farmacia. Tamén para as persoas de 85 e máis anos e para os nenos/as de 6 a 59 meses. Estes grupos poderán pedir cita desde o xoves 6 de outubro.
- **A partir do día 13 de outubro poderán pedir cita, para ser vacinados do 17 en diante:**
  - As persoas de 80 anos en diante.
- As persoas de 70 a 79 anos poderán pedir cita a partir do 27 do outubro para seren vacinadas do 31 de outubro en diante.
- As **persoas de 60 a 69 anos, persoas menores de 60 anos con patoloxías de risco, embarazadas, traballadores esenciais** e traballadores con risco por exposición laboral poderán pedir cita a partir do día 3 de novembro para vacinarse do 7 de novembro en diante.
- A partir do 14 de novembro continuarase coa vacinación do resto das persoas incluídas nos grupos diana, polo que a partir dese momento toda a poboación diana poderá acceder á autocita.

## 8. Seguimento e avaliación da campaña

Como nas campañas anteriores, os profesionais médicos e de enfermaría de atención primaria terán dispoñible a través da plataforma WPRESS o informe da cobertura de vacunación da súa cota/grupo e a súa comparativa co centro/unidade de atención primaria e área sanitaria correspondente.

Previamente ao inicio desta, no mes de outubro publicarase este informe cos datos relativos á campaña pasada (2021) para que sirvan de punto de partida; posteriormente, nos meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro poñeranse á disposición os informes relativos a esta campaña 2022, que proporcionarán información actualizada e permitirán avaliar o desenvolvemento da vacunación neste ano, posibilitando levar a cabo as accións que se consideren oportunas.

Semanalmente e durante o transcurso da campaña, publicarase na páxina web temática da gripe a información sobre a evolución da vacunación, seguindo a mesma sistemática de anos anteriores.

<http://gripe.sergas.gal>

Logo de rematar a campaña, procederase á elaboración do informe final desta, que será publicado nesa mesma páxina web.



A información relativa a esta campaña pódese consultar  
na web temática da gripe da  
Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>

Carmen Durán Parrondo  
DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Jorge Aboal Viñas  
DIRECTOR XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA



# Anexos



## Anexo I. Coordinadores/as das áreas sanitarias

### A Coruña e Cee

**Silvia Vázquez Pérez**

Tfno.: 981 178 000 ext. 297 211

Correo electrónico: [silvia.vazquez.perez@sergas.es](mailto:silvia.vazquez.perez@sergas.es)

**Enrique González Rodríguez**

Tfnos.: 981 178 000 / 981 219 100

Correo electrónico: [enrique.gonzalez.rodriguez@sergas.es](mailto:enrique.gonzalez.rodriguez@sergas.es)

### Ferrol

**Begoña Vidal Maroño**

Tfno.: 981 334 018 / 234 573

Correo electrónico: [begona.vidal.marono@sergas.es](mailto:begona.vidal.marono@sergas.es)

### Santiago de Compostela e Barbanza

**Montserrat Souto Pereira**

Tfno.: 250 480

Correo electrónico: [montserrat.souto.pereira@sergas.es](mailto:montserrat.souto.pereira@sergas.es)

### Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

**Ángeles Dono Díaz**

Tfno.: 536 299

Correo electrónico: [maria.de.los.angeles.dono.diaz@sergas.es](mailto:maria.de.los.angeles.dono.diaz@sergas.es)

### Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

**Josefa Rodríguez Araujo**

Tfno.: 988 385 512

Correo electrónico: [josefa.rodriguez.araujo@sergas.es](mailto:josefa.rodriguez.araujo@sergas.es)

### Pontevedra e O Salnés

**Yolanda Moares Castiñeiras**

Tfno.: 986 807 011 / 287 011

Correo electrónico: [yolanda.moares.castineiras@sergas.es](mailto:yolanda.moares.castineiras@sergas.es)

### Vigo

**María Carmen Soto Dávila**

Tfno.: 463 624

Correo electrónico: [maria.del.carmen.soto.davila@sergas.es](mailto:maria.del.carmen.soto.davila@sergas.es)



## Anexo II. Xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade

### A Coruña

Tfnos.: 981 182 252 / 582 252; 981 155 611 / 555 611; 981 155 822 / 555 822

Correo electrónico: [corunavacinas.dlpc@sergas.es](mailto:corunavacinas.dlpc@sergas.es)

### Lugo

Tfnos.: 982 292 117 / 982 292 113

Correo electrónico: [xtlu.vacinas@sergas.es](mailto:xtlu.vacinas@sergas.es)

### Ourense

Tfnos.: 988 066 347 / 988 066 513

Correo electrónico: [vacinas.sanidade.ourense@sergas.es](mailto:vacinas.sanidade.ourense@sergas.es)

### Pontevedra

Tfnos.: 986 885 881 / 986 885 824 / 986 885 826

Correo electrónico: [vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es](mailto:vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es)

### Unidade de Vigo

Tfnos.: 986 817 724 / 986 817 232

Correo electrónico: [vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es](mailto:vacinas.delegacion.pontevedra@sergas.es)

A información relativa a esta campaña pode consultarse na web temática da gripe da Dirección Xeral de Saúde Pública:

<http://gripe.sergas.gal>



Consellería  
de Sanidade

Saúde Pública

Instrucións

38

D



XUNTA  
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL  
DE SAÚDE PÚBLICA



Xacobeo 21·22